

Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués

Wiktoria Grygierzec

Uniwersytet Jagiellónski w Krakowie

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Este artigo trata a cuestión dos estereotipos nacionais presentes nas unidades fraseolóxicas galegas e portuguesas. Analízanse aquí os refráns e as locucións galegas que fagan referencia a Portugal, ós portugueses e ás súas características nacionais e, por outro lado, as unidades fraseolóxicas portuguesas que mencionen os galegos. Preténdese describilas, ver en qué medida espellan relacións de poder e cal é a crise actual deste conxunto fraseolóxico.

Palabras clave: fraseoloxía, estereotipo, galego, portugués.

This paper deals with national stereotypes in Galician and Portuguese phraseological units. Galician proverbs and phrases that refer to Portugal, the Portuguese people and their national character are analysed. On the other hand, Portuguese phraseological units that mention the Galicians are also studied. It intends to describe this group of idioms, to check to what extent it reflects power relationships and its current crisis.

Keywords: phraseology, stereotype, Galician, Portuguese.

1. Introducción

Entendemos como *estereotipo* “a opinión corrente e convencional asociada a unha palabra concreta dentro dunha cultura determinada”:

Los estereotipos pertenecen al repertorio de fórmulas, imáxenes, tópicos y representaciones que comparten los hablantes de una lengua determinada o de una misma comunidad social o cultural. Como son esquemas fijos y preconstruidos, no hace falta elaborarlos personalmente, sino haberlos asimilado del contexto cultural o a través del conocimiento y del uso para

Data de recepción 26/02/2009 Data de aceptación 27/04/2009

poderlos aplicar a nuestra percepción de la sociedad y del mundo (Herrero Cecilia 2006:1).

Os estereotipos teñen en común coa fraseoloxía, por unha parte, o seren herdados, consabidos e de orixe anónima e, por outra parte, o se formularen, moitas veces, en unidades fraseolóxicas. As linguas nas que hai unha imaxe estereotipada dos galegos son as limítrofes, basicamente o español¹ e o portugués. Neste traballo pretendemos presenta-lo repertorio de estereotipos que a fraseoloxía galega e maila portuguesa foron almacenando reciprocamente sobre galegos e portugueses, sobre o carácter que os define e mesmo sobre pautas atávicas para se relacionar entre eles.

Tanto o material galego coma o portugués son de recolleita oral, maiormente na segunda metade do século XX e chegan a nós de forma indirecta, a través dos fondos do Tesouro Fraseolóxico Galego do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e dos repertorios fraseolóxicos portugueses que se citan na bibliografía. Con todo, as primeiras sondaxes feitas na rúa, tanto en Galicia coma en Portugal durante a elaboración deste traballo, puxéronnos á vista unha rápida obsolescencia deste material fraseolóxico debida non só ó *apagón fraseolóxico* que parece producirse en toda sociedade que se desruraliza e se urbaniza, senón tamén a que nos últimos decenios cambiou substancialmente a correlación de forzas económicas entre Galicia e Portugal. Isto dálle a este estudo un certo carácter histórico e demanda un novo estudo de actualidade feito na rúa, como diremos nas conclusións.

2. Nota para unha delimitación dos conceptos de *galego* na fraseoloxía portuguesa e de *portugués* na fraseoloxía galega

2.1. Portugal nace da *Gallaecia*

Cómpre que o lector non galego nin portugués saiba que Portugal e Galicia son pobos estremeiros (situación que en todas partes estimula de seu a creación de estereotipos) e que, ademais, Portugal nace no século XII (entre 1128 e 1143) como unha secesión do Reino de Galicia.

A *Gallaecia* tardorromana comprendía todo o Norte de Portugal ata o río Douro e polo oriente chegaba ata Numancia en Soria, segundo se deduce das palabras de Orosio (*Numantia ... in capite Galleciae sita*): é dicir, no século V d. C. a *Gallaecia* comprendía o cadrante noroccidental da península ibérica. Perdida a metade oriental no decurso da Idade Media, o Reino de Galicia acabou perdendo tamén no século XII a metade meridional coa separación de Portugal e quedou reducida practicamente ás dimensións da Galicia actual. O territorio da Galicia medieval acaba sendo un cuarto do que era a *Gallaecia* tardorromana e queda vinculada primeiro ó Reino de León e posteriormente ó Reino de España.

A nova fronteira política entre esta Galicia e Portugal reforzou a deriva independente das dúas zonas e, consecuentemente, a deriva da lingua que se falaba a cada lado.

¹ Para o estereotipo do galego no castelán véxase Caramés (1993), Filgueira (1970) e para a catalana Ribera (1999).

Aínda que axiña a corte real galega se situou lonxe de Galicia, primeiro en León e despois en Toledo, a lingua seguiu sendo vehículo de intensa actividade cultural en toda a península, como demostra a procedencia non galega de moitos dos poetas galegos medievais e a composición en galego na corte real de Toledo dos riquísimos códices das Cantigas de Santa María de Afonso X. Pero novas orientacións políticas acabarían convertendo o galego nunha lingua sometida dende fins do século XV ata fins do século XX (actualmente en proceso de emerxencia e normalización). En cambio, a independencia portuguesa, con traslado case inmediato da corte a Lisboa, converteu a fala meridional nunha lingua de Estado (o portugués) e, trala colonización portuguesa de diferentes territorios de América, África e Asia, en lingua internacional. O contacto do portugués con substratos americanos, africanos e asiáticos e o contacto do galego co superestrato castelán acentuaron a continua diverxencia do galego e do portugués.

A fronteira entre Galicia e Portugal é unha das máis antigas de Europa e, como tal fronteira, tivo a función de dificulta-lo fluxo natural de persoas dun lado a outro e de estimular que a cada lado houbera unha dinámica social diferente. Portugal tivo experiencias bélicas, comerciais e sociais que Galicia non viviu; e viceversa. Todo iso, como dixemos, espéllase na lingua que a cada lado se fala. Con todo, os historiadores constatan en moitas épocas a existencia dun fluxo comercial e humano de Galicia a Portugal e tamén, aínda que quizais en menor medida, de Portugal a Galicia.

2.2. Fluxos migratorios entre Galicia e Portugal

A independencia portuguesa e as conquistas de ultramar fixeron chegar ó Portugal escindido enormes recursos económicos. Pola contra, Galicia quedou cada vez máis excéntrica no Reino ó que pertencía e pasou a ter lonxe o seu centro político e lingüístico. Unha das consecuencias é que se inicia un fluxo migratorio incontrolado de Galicia a Portugal.

Sabemos, coma tal, que dende o século XV Inglaterra controlou a exportación de viño do Ribeiro a toda Europa e que isto se interrompeu contra a fin do século XVI por imperativo da política española, facendo que os ingleses desprazasen a extracción do produto ó Norte de Portugal (*vinho do Porto*). Ben, pois moitos galegos desprazáronse á rexión do Porto para axudaren na vendima, na construción de socalcos coma os que había en Galicia e nos primeiros coidados das cepas. En 1774 o viaxeiro inglés Witheford Dalrymple calcula esta migración-andoriña en 30.000 galegos (González 1973:77). Pero esta emigración galega tivo dende sempre un segundo destino: a capital, Lisboa. Houbo dúas ocasións en que solicitaron moita man de obra galega e, polo tanto, son a orixe galega de moitas familias lisboetas: a construción do Acueduto, a partir do 1731 e, sobre todo, a reconstrución da cidade despois do terremoto do 1755; nos dous casos foi moi importante a colaboración dos canteiros e albanes pontevedreses. O P. Sarmiento conta en 1748 que ese ano en Lisboa cumpriron coa Pascua 45.000 galegos e que, de 80 galegos que había nun curral, 75 eran vasallos do Duque de Soutomaior (Ferro 1995:333). Este dato confírmao en 1765 o autor anónimo do *Estado político, histórico y moral del Reino de España* (González 1973:73). Se temos en conta que nesa

época a poboación de Lisboa roldaba os 150.000 habitantes, dámonos conta da importancia porcentual da presenza galega en Lisboa.

Os galegos que se asentaban na corte lisboeta adicábanse a traballos socialmente non moi estimados, como criados, lacaios, mozos de fretes, cargadores portuarios, empregados dos transportes, mariñeiros, resaltando o oficio de augadoiro ata o punto de chegaren a ser sinónimos os vocábulos *galego* e *aguadeiro* na linguaxe da capital lusa e dando orixe ó refrán galego *Os portugueses teñen a auga, mais nós vendémoslla*. Na primeira metade do século XX, unha das profesións características dos galegos era a de carboeiros, pero tamén a de restauradores: lémbrese que foi un galego, Francisco Espiñeira, o que creou contra 1840 a sonada *Ginginha* que hoxe é un dos humildes, pero máis característicos lugares de encontro en Lisboa.²

A emigración galega a Portugal tivo unha característica que a diferenza da emigración galega a Castela. O trato recibido polos segadores galegos en Castela tivo moitos episodios de abuso e crueldade que desembocaron naquel xa popular poema de Rosalía:

*Castellanos de Castilla,
tratade ben os galegos.
Cando van, van coma rosas;
cando vén, vén coma negros.*³

En cambio, a emigración a Lisboa deu estoutra cantiga popular antitética:

*Lisboanos de Lisboa
¿que vindes facer ó eido?
Vindes engana-las mozas
coa sona do diñeiro.*

Esta cantiga aínda hoxe se canta en Caritel, unha das moitas parroquias do sur de Pontevedra nas que sempre houbo emigración a Lisboa e onde se lles chama *lisboanos* ou *portugueses* a eses veciños emigrados que polas festas do verán volven pasar unhas semanas na aldea nativa. Estes galegos que emigraban e volvían ricos e prepotentes de Lisboa contrastan frontalmente cos que volvían desfeitos de traballar en Castela. En Portugal, o trato non era inhumano e mesmo hai constancia documental de que na Corte española preocupaba o feito de que a Portugal ían os galegos de bo grado, deixando importantes plusvalías á coroa de Portugal, ata o punto de que se estudou a proposta de prohibir esa emigración. Isto sabémolo polo informe do conde de Campomanes, feito en 1764, no que di que é imposible atallar esa emigración galega a Portugal que vén estimulada polo *mal trato en Castilla tasándoles el jornal e*

² En tempos, quen ía ó Teatro, despois ía toma-lo seu *copinho de ginginha*. O costume esmoreceu entre a alta sociedade pero segue sendo ritual *da malta nova* e as manifestacións do 25 de abril aínda hoxe rematan tomando o *copinho de ginja*. E a este ritual apuntáronse como hábito moitos inmigrantes africanos.

³ Witheford Dalrymple escribe que *as xentes deste pobos [galegos] que atraveséi alónxanse das suas casas con moitos sofrimentos e espóndose ás bulras dos folgazáis aos que sirven, e todo esto pra traer un pouco de diñeiro [...] Pódese en verdade, decir que os pobos de Castela atópanse ausolutamente avencellados aos de Galicia pra os seus traballos manuáis, e, apesares delo, trátanos de vagamundos e miranos co meirande desprecio* (González 1973:76).

incluyéndoles en las quintas a que no están obligados (Pensado 1973:422) ... *la injusticia de incluir en las quintas a los gallegos en todas las provincias de Castilla, y con tal arte que siempre hacen recaiga en ellos la suerte. Esta es una de las principales causas de pasarse a Portugal, donde no les hacen tal extorsión* (Pensado 1973:424). *Los gallegos que van a Portugal no todos se quedan en aquel reino; los que vuelven traen su peculio, y los que allí se establecen, no nos gravan* (Pensado 1973:425).

Non foron a rexión do Porto e a cidade de Lisboa os únicos destinos da emigración galega, pero chegan eses dous exemplos para comprendermos que a fronteira non foi absolutamente impermeable. Non obstante, no que debemos reparar é en que a maior parte do fluxo migratorio é de Galicia a Portugal, non tanto en dirección contraria. Só nos últimos vinte anos veñen a Galicia obreiros portugueses e van a Portugal médicos galegos.⁴

2.3. Galego en portugués e portugués en galego

Todo o dito contribuíu a crea-la imaxe social do *galego* en Portugal como inmigrante e a marcalo tamén con tódalas connotacións negativas que os inmigrantes adoitan levar ás costas probablemente en tódalas linguas do mundo.

Con todo, non debemos esquecer que a capital portuguesa está, case dende o nacemento do Estado portugués, en Lisboa e que adoitan se-las capitais as que xestionan o estándar. En consecuencia, a lingua portuguesa de hoxe está moi marcada polas características meridionais, a tal punto que as peculiaridades económicas e dialectais do Norte fan que en Lisboa se lles chame *galegos* ós portugueses do norte, denominación que, sendo xustificada historicamente, non o é no sentido político.⁵ Isto quere dicir que non podemos excluír que algúns fraseoloxismos portugueses sobre os *galegos* non se refiran realmente ós galegos de Galicia, senón ós portugueses do norte. O *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea* da Academia das Ciências de Lisboa ten esta acepción da palabra *galego*:

Region. (Alent.) *Pessoa natural ou oriunda do Norte do país, sobretudo da região das Beiras.*

Acerca aínda do adxectivo *galego* atopámo-la seguinte explicación do pleno século XVIII:

Sem fundamento algum chamam gallêgos aos mesmos povos transdurienses, e transmontanos por motivo do dialecto. As nações de Hespanha, sujeitas ao Rei

⁴ Non sempre houbo sincronía entre os ritmos económicos de Galicia e de Portugal, de xeito que, se moitas veces emigraron a Portugal galegos do sur de Galicia, tamén é certo que houbo crises portuguesas que trouxeron a Galicia portugueses que se asentaron como xornaleiros nas zonas rurais do sur de Galicia ou que traballaron nun oficio moi portugués, a pavimentación de rúas con lastros: aínda hoxe as rúas principais de Caldas de Reis ou de Vilagarcía, entre outras, teñen baixo a capa visible de asfalto un substrato de lastros asentado na primeira metade do século XX por *calceteiros* portugueses. No inicio do terceiro milenio, milleiros de traballadores da construción veñen semanalmente a Galicia e centos de médicos galegos van traballar a Portugal. A todo isto haille que suma-las fugas en ámbolos sentidos en épocas de crise política.

⁵ É ben sabido que os portugueses do Norte retrucan denominando *Mouros* os lisboetas.

Catholico nam guardam regra determinada na pronuncia do B e V, como a todo he notorio. (...) Mas de aqui se infere, que pela mesma indifferença os interamnenses, e transmontanos poden ser arguidos de gallégos, tambem se devem chamar castelhanos, aragonezes, asturianos, navarros, andaluzes, leonezes, etc. (Monte Carmelo 1767:422-423; en Pensado 1985:58).

e no Brasil actualmente *galego* pode designar un portugués e mesmo calquera persoa loira de pel branca:

Regionalismo: Brasil. Uso: peyorativo. Indivíduo nascido em Portugal, esp. os de mais baixo nível de cultura (Houaiss 2001 s.v. *galego*).

do mesmo xeito que, na Sudamérica de fala española, *gallego* significa secundariamente calquera español.

Viceversa, o concepto de portugués na fraseoloxía galega debe ter tamén algúns matices.

Os emigrantes galegos tiveron experiencia directa en Portugal do carácter dos seus amos e clientes portugueses (en menor medida de xornaleiros portugueses en Galicia) e de aí debe de procedela maior parte dos fraseoloxismos galegos nos que aparece a palabra *portugués*. Pero en Galicia é tradicional darlles ós emigrantes o xentilicio do país no que traballan: *suízos* ós que están asentados en Suíza, *alemáns* ós que están en Alemaña etc.⁶ Xa lles chamaba *portugueses*, no século XVIII o P. Sarmiento, ós emigrantes que retornaban de Portugal aportuguesados e hoxe mesmo en Galicia aínda se lles chama *portugueses* ós veciños que están asentados en Portugal e veñen pasar á súa Galicia orixinal uns días de vacación no verán.

Non se debe perder de vista esta dualidade na correcta interpretación dos fraseoloxismos que imos examinar.

3. A imaxe do portugués na fraseoloxía galega

3.1. Referencia meteorolóxica negativa

Como é natural en todo refraneiro, o veciño constitúe, primeiro de todo, unha referencia xeográfica. Portugal está ó sur de Galicia e, en consecuencia, Portugal e portugués son indicativos do aire do sur e das súas consecuencias na nosa meteoroloxía.

Se o aire vén do sur chámase *aire de Portugal* ou *vento de Portugal*. Este aire trae choiva (en Verín tamén se di que *O vendaval trae o vaso na man* e en Dodro din *Aire suán, auga na man* ou *chuvia na man*). Así se recollen nos concellos do sur de Galicia os seguintes:

Aire de Portugal, vellas ó xestal. (Verín).

⁶ En lugares de Galicia (coma Melide) nos que foi intensa a emigración ó País Vasco é frecuente chamarlles *Jolines*, pola frecuencia con que usan a expresión eufémica *¡Jolines!* (*¿Xa viñeron os Jolines ou aínda non?*).

Hoxe existe o vendaval porque vén de Portugal. (Cualedro)

Vento de Portugal, auga no val. (Ourense)

Aire burganés, se empreña portugués, ós tres días paire. (A Mezquita). Quere dicir que chove.

Home sanabrés, aire burganés e viño portugués, Dios nos libre dos tres (A Mezquita).

En Oia, na costa pontevedresa, xa case na fronteira con Portugal, recolleu Manuel González González este refrán: *Vento bragués* (supoñemos que de Braga, Portugal), *chuvia todo o mes*. E tamén estoutro: *Andrés, o vento é bragués, tu ben o ves, nin te quito nin te mando, pero polo camiño vai andando*. O comentario que ofrecen os informantes é que se refire á xente que emigraba a Sevilla forzada por un ano de mala colleita (Fernández Rei 2003:161).

En cambio, o aire do norte sopra de Galicia cara a Portugal e por iso se di *vento pra Portugal* ou *corren as néboas pra Portugal*. Este é un vento seco e agradable (*tempo real*) que convida a poñerse ó sol e a poñe-la roupa a secar (*ó soallal*):

Vento pra Portugal, o vrau está no umbral. (Verín).

¿Corren as néboas pra Portugal? Camisas ó soallal. (Verín).

Ó camiñar as néboas cara a Gudiña, vellas á cocina; ó camiñar as néboas cara a Portugal, vellas ó solar. (Verín).

Se corren as néboas para Ourense, meniños ó quente. Se corren cara a Portugal, tempo real. (Salvaterra de Miño).

Para os mariñeiros galegos, Portugal e Galicia son tamén referencias xeográficas que axudan a predici-lo tempo:

Norte claro, Portugal escuro. (Fisterra).

*Portugal claro e Galicia escura, vendaval sin *duda. (Cambados).*

Portugal claro, vendaval declarado; norte escuro, vendaval seguro. (Cambados).

Portugal claro, vendaval declarado. (Fisterra).

Portugal escuro, vendaval seguro. (Fisterra).

Como se ve, para Galicia o vento de Portugal é vento sur que trae sempre choiva e a súa persistencia pódoo converter nun mal vento. Isto é importante porque nos explicará outro refrán que veremos máis tarde: *De Portugal nin bo vento nin bo casamento* (3.3.).

É moi sabido que os portugueses teñen como refrán de moito uso este recíproco: *De Espanha nem bom vento nem bom casamento*.⁷ Machado Pais fixo un completo estudo

⁷ E mesmo outros similares: *Com vento leste não há nada que preste. Do nordeste nem o vento presta.*

deste refrán e afirma que, segundo o Instituto Nacional de Meteorología e Geofísica de Portugal, o vento español é responsable de calores extremas e de xeadas, por ser continental e seco (quente no verán e frío no inverno) pero que, aínda así, non é tan nocivo como o refrán parece querer indicar. E, por parte, o mesmo refrán corre en Portugal entre localidades portuguesas veciñas.⁸ A cuestión do mal casamento parece referirse a experiencias infaustas coma o casamento de Inés de Castro con D. Pedro ou ó acontecido nos sesenta anos de dominio español sobre Portugal no tempo dos Filipes no que a alta política *para tudo se servia de mulheres* (Machado 1985:230).

3.2. Referencia xeográfica

Dous refráns ofrecen unha caracterización de Portugal como un Estado, pero máis pequeno ca España e Francia: as referencias de tamaño son un ovo, unha peneira e unha eira:

España é unha eira e Portugal unha peneira.

Portugal é un ovo, España unha peneira e Francia unha eira.

A segunda referencia xeográfica é a distancia: Portugal é esoutro mundo no que, por ser de infrecuente visita, se converte en paradigma da lonxanía. A locución *ir en Portugal* significa “pasar a outro asunto” e úsase nos relatos discursivos para indicar cambio de tema: *Déixame falar que ti xa vas en Portugal*. Velaí, logo, outra fraseoloxismo de fronteira, puramente xeográfico, sen máis connotacións.

3.3. O portugués, persoa non fiable

Amigo do val, compadre portugués e aire sanabrés, fódome nos tres. (Verín).

Amigo portugués, compadre montañés e vento bergancés, cágame nos tres. (Verín, A Mezquita).

*Home sanabrés, aire burganés e amigo portugués, *Dios nos libre dos tres. (A Mezquita).*

Muller asturiana, e home portugués e gato montés pódense fode-los tres. (Carballedo).

Muller asturiana, home portugués i-aire santiagués, pódense foder os tres. (Carballedo).

Nestes refráns o portugués xa aparece cunha caracterización moral negativa, formando un trío de realidades limítrofes das que un non se pode fiar.

Coidamos que o que estes refráns recomendan é estar sempre de pé atrás ante os veciños: por iso para os de Carballedo (en Lugo) o home portugués é tan pouco de fiar coma as mulleres asturianas (Lugo estrema con Asturias); e en Verín (val rodeado de

⁸ En Sarzedas, situada a 24 km ó Oeste de Castelo Branco din: *O vento de Castelo Branco é tão mau que até os cães faz danar*. Pero reciprocamente en Castelo Branco din que *De Sarzedas nem bom vento nem bom casamento*. E en Mação (situado a só 5 km a NE de Penhascoso) din *De Penhascoso nem bom vento nem bom casamento, nem bom porco para o tempo* (Machado 1985:230).

montes) a reciprocidade na desconfianza é total, porque para un non é de fiar o *amigo do val* e para outro non é de fiar o *compadre montañés*: velaí a eterna antítese entre os da montaña e os do val:

Cos canteiros e portugueses, tratos poucas veces.

Este refrán emparella os portugueses cos canteiros e dános así unha pista para entender a razón desa desconfianza. A razón pola que non debemos entrar en tratos cos portugueses debe se-la mesma cá que nos recomenda non facelo cos canteiros: e esa faina explícita non o refraneiro pero si o cantigueiro popular:⁹

*En palabras de canteiros,
rapazas, non vos fiedes;
collen os picos e marchan,
rapazas, ¿qué lles queredes?*

*Canteiros e carpinteiros,
canteiriños polo menos,
pola terra de onde andades
deixás a criar os nenos.*¹⁰

Situémonos no tempo histórico no que estas cantigas se compuxeron e lembremos que nesa época ningún traballador ten coche particular para desprazarse ó seu traballo. O canteiro traballa onde se fai unha casa pero, como isto case nunca acontece en lugar ó que el poida desprazarse a pé diariamente dende a súa casa, acaba asentándose no lugar de traballo ata o remate da obra (que son meses e meses). O oficio de canteiro é, logo, ambulante: vive entre nós, coma un veciño máis, mentres se está construíndo unha casa; pero, en rematando a obra, necesariamente ten que marchar a outro lugar no que botará outra tempada; e así seguido. Non é, polo tanto, un traballador fixado a un lugar de maneira estable senón un paxaro migratorio. Cando marcha, abandona persoas coas que tivo trato diario (se cadra, mesmo íntimo) e pode fuxir das propias responsabilidades. Ben, pois que unha das calidades que a fraseoloxía galega adheriu ó concepto de *portugués* é a súa exaltada afectividade, a súa intensa forma de namorarse, ata o punto de convertela en paradigma:

namorado como un portugués ‘profundamente namorado’.

⁹ *Amor canteiro non quero /porque traballa no alto: /pode caer e morrer /e despois dinme que o mato.*

¹⁰ Cantigas que expresan o mesmo concepto serían as seguintes: *Canteiros e carpinteiros / son un feixe de ladrós, / carpinteiros rouban puntas / e canteiros corazóns. // Canteiro pica na pedra / pica na pedra miúda; / pica na muller allea, / qu'outros che pican na tía. // Canteiros de Pontevedra, / ¡malos días para eles! / por unha nena bonita / furaron sete paredes. // Canteiros de Pontevedra, / onde estades ben vos vedes, / por unha nena bonita / furastes sete paredes. // Criados e carpinteiros, / e canteiros, cantos menos; / collen os picos e vanse, / meniñas ¡que lles facemos! // Non te fies en * los hombres / e en canteiros moito menos: / collen os picos e a marra / e deixan a criar os nenos. // Os canteiros xuran, xuran, / que non marchan desta terra / sin que engañen ónha nena / ó son do picar na pedra. // Rapaciñas do Portazgo, / se queredes ser honradas / botáde os canteiros fóra, / non seredes marmuradas. // Xura, canteiro, xura, / que non te vas desta terra / sen enganar unha nena / ó son de picala pedra.*

É esta intensidade afectiva do portugués e a facilidade que se lle atribúe para realizar todo tipo de promesas de amor a que lles quita fiabilidade: lembremos que na fraseoloxía galega hai unha locución que converte a palabra dun portugués en paradigma dubidoso:

certo como verba de portugués ‘dubidoso’.

Esta intensidade afectiva e escasa fiabilidade, sumada á fugacidade da súa presenza (ben porque nós non estamos sempre en Portugal, ben porque o portugués non está sempre en Galicia), converte o portugués en persoa non fiable e perigosa para unha muller galega¹¹ que, polo que parece, é para quen a lingua e a tradición oral consideran perigoso o portugués. Comprobamos en Lisboa que, polo visto, as mulleres portuguesas usan tamén esta locución. Véxase esta cantiga:

*Se vas a Portugal,
non fales cos portugueses,
que che prometen e danche
semente pra nove meses.*

O cantigueiro popular complementa e clarifica o que a fraseoloxía deixa un pouco no enigma. Sabemos ben que fraseoloxía e cantigueiro son realidades estruturalmente heteroxéneas; pero é indiscutible que forman parte dun único e complexo sistema de pensamento e sentimento popular e por esa razón, neste caso concreto, resulta inevitable observar como unha estrutura ilumina a outra.

O cancionero popular tamén recomenda cautela ante a cortesía e labia portuguesa:

*Portugués, non me ronqués
nin gastés tanta parola,
que xa fun a Portugal
e Portugal non m'enamora.*

*Portugués non me ronqués,
no me tóque-la viola:
eu xa fun a Portugal,
Portugal non me namora.*

Equiparando o portugués co canteiro, o refrán que comentamos estanos dicindo que o portugués é un veciño de presenza fugaz e provisoria, tanto se quen se vai é o portugués coma se quen se vai é a galega. Esta compañía fugaz do portugués é a que desaconsella casar con el. E aí nacen os refráns:

De Portugal nin bo vento nin bo casamento.

No casamento, nen portugués nen vento.

¹¹ Con todo, temos confirmación de que esta locución tamén a usan as mulleres portuguesas.

Lembremos que o *aire de Portugal* é o que trae o mal tempo, como vimos en 3.1. Posiblemente sexa esta posibilidade de abandono das obrigas adquiridas na estada temporal do portugués en Galicia a que explique eses amargos refráns.

Como dixemos, por portugués tamén se entenden os galegos emigrados en Portugal. E así en Caritel, referida a eles, está moi viva esta cantiga:

*Lisboanos de Lisboa
¿que vindes facer ó eido?
Vindes engana-las mozas
coa sona do diñeiro.*

3.4. O portugués traidor

Vexamos outros dous refráns:

O portugués, se non dá a patada de vivo, dáa de morto.

O portugués, se non che caga na cima da escaleira, cágache no fondo.

Os dous refráns indican, para os galegos, a imprevisibilidade dos comportamentos dos portugueses que, en calquera momento, poden faltar á palabra, incumprir un compromiso ou actuar conforme a un código diferente do pactado. Estes refráns expresan unha verdade de valor universal pero, enténdasenos ben, unicamente no sentido de que tódolos pobos do mundo acumulan algunha experiencia negativa no contacto cos seus veciños; é dicir, estes refráns son de valor universal na medida en que a palabra *portugués* poida ser substituída en calquera lingua polo xentilicio do pobo que vive do outro lado da fronteira. As fronteiras son as cicatrices da historia dos pobos e quen vive do outro lado da fronteira é sempre unha persoa na que non nos podemos fiar plenamente.

A proba de que esta interpretación é correcta é que no refraneiro castelán dise exactamente o mesmo dos galegos: *El gallego o te da patada de vivo o de muerto. El gallego, si no caga arriba de la escalera, caga en el fondo*. E todos lembramos que mesmo se chegou a facer teoría na literatura española sobre *la coz galiciana*.¹²

3.5. O portugués esaxerado e finchado

esborrelarse en cumpridos, como un portugués

Esborrelarse significa ‘derreterse’ e esta locución, que significa ‘usar unha cortesía moi afectada’, expresa a sensación, aínda común entre galegos, de que os portugueses usan un repertorio de fórmulas de cortesía moito máis elaborado e áulico có que usa o galego nas mesmas situacións.

ser un porén

¹² Consiste en devolver mal e ingratidade por ben: “... y negándole el tener padre ni ser medio romano me vendí por gallego; y se echó de ver muy bien en la coz que le di” (*La vida y hechos de Estebanillo González*).

significa ‘ser presumido’ en lugares próximos a Portugal (coma Viana do Bolo) ou nos que aínda hoxe hai naturais emigrados en Portugal (coma Caritel). Neste último lugar os que usan esa locución téñennos explicado que o din porque lles resulta afectado que os emigrantes regresen falando o galego con palabras portuguesas entre as que chama a atención, pola súa frecuencia, a palabra *porén*; e nesa palabra simbolizan a presunción do que regresa querendo dar sempre a sensación de triunfo económico sobre a aldea orixinal.

o portugués do conto

Nalgúns contos galegos os portugueses aparecen como persoas que se botan de valentes, mesmo cando están mortos de medo. *O do portugués do conto, que dixo: ‘Não tremes terra’ e tremáballe a el o corpo*. Lamas Carvajal cita así varias veces¹³ pero non chega a conta-lo conto, aínda que, polo contexto, o tal portugués personifica a persoa que finxe serenidade e audacia cando está morta de medo. Ten algunha importancia o feito de que Lamas Carvajal escriba nun caso antes da cita que *os gallegos, que como vivimos preto d’os portugueses, algo temos de fanfarrós e finchados*. Tamén no ámbito do castelán corre este estereotipo. O conto presenta variantes diversas coma esta que encontramos no ámbito do castelán, relatada por Juan Valera en *Cuentos y chascarrillos andaluces*:

El portugués que llegó a Cádiz

Venía por mar este portugués, y estaba tan mareado, que ni aun después de desembarcar se le pasó el mareo. Iba dando traspies e imaginaba que brincaban las casas en torno suyo y que el suelo se movía. Entonces exclamó: - ¡No tremas terra, que eu não te fazo mal!

(http://es.wikisource.org/wiki/El_portugués_que_llegó_a_Cádiz) [Data de consulta: 25/02/2009]

Non demos sabido a motivación e significado desta locución anotada en Carballado A *empresa dos tres: o burro, o amiguiño e o portugués*. Probablemente, latexa aí un conto do que se perdeu a memoria.

3.6. Outras connotacións de portugués

saír por viño portugués

Significa ‘saír mal unha cousa sen esperalo’.

¹³ *A meiciña non pode ser millor pr’os gallegos, que como vivimos preto d’os portugueses, algo temos de fanfarrós e finchados, e si ó portugués do conto que tremaba c’o medo non lle faltaron anemos pra decir ‘nao tremes terra’, sin ser milagre poderemoslle decir ó cólera cando se nos meta n-o corpo como si fose un meigallo e se nos poña n-a mucosa intestinal, que co-a licencia de vo’tés, é onde vay a pousarse si non minten os médecos: ‘¡bótate fóra microbio, mira que sinon... retórzoche o pescozo!’ (Lamas 1884a). // ¡Por fantasía non queda! / O do portugués do conto, / que dixo: «Não tremes terra» / e tremáballe a el o corpo (Lamas 1884). // Un ciruxao de Mondoñedo achacou os tremores á que o mundo sintia escalofríos. Pol-o sí ou pol-o non, non estaria por demais que viñese á Galicia o portugués d’conto a decirlle outra vez ‘¡Nao tremes terra!’ sempre e cando se sirvise Dios oubilo y-o mundo lle dese tino. E xa que falo dos tremores da terra, vou a botar a miña sentencia. Xuncras leve si non tremou ó deprocatar-se de que co tempo e cando se lle dea dirección ós grobos deixará-na a ermo os homes (Lamas 1885).*

Xa vímo-lo refrán *Home sanabrés, aire burganés e viño portugués, Dios nos libre dos tres*. Esta locución *saír por viño portugués* debe de proceder dos tempos xa recuados (séculos XV e XVI) nos que o viño do Ribeiro non só era de mellor calidade có viño portugués senón que mesmo era un dos máis cotizados de Europa. Isto aconteceu, en boa parte, por obra dos comerciantes ingleses que o seleccionaban no Ribeiro, casa por casa, e que o levaban a diferentes Cortes europeas e naturalmente antes de que a sucesión de pragas (filoxera, oidium e mildeu) destruíran aquelas cepas tan prezadas. Foron os mesmos ingleses os que, trala prohibición española de comerciar con Inglaterra, lanzaron o *vinho do Porto*, como xa dixemos, e hoxe viño portugués e viño galego gozan da parecida calidade, polo que pode resultar anacrónico o emprego desta locución:

ser máis agudo que un allo portugués ‘ser moi listo’

Hai aquí unha transposición semántica. O allo portugués pica máis có galego. O que pica é agudo pero *agudo* significa tamén “listo”: así nace a locución comparativa.

Os portugueses teñen a auga, mais nós vendémoslla.

Este podería se-lo máis moderno refrán galego nesta materia, probablemente creado en Lisboa ou no Porto polos galegos que exerceron o oficio de augadeiros: cando aínda a auga non chegaba máis que ás fontes públicas e de aí había que subila a tódolos andares de tódalas vivendas, o mercado demandou esta profesión, semellante á que ata hai moi pouco exercían ós que ás mesmas vivendas subían as bombonas de butano. Aínda que, obviamente, os portugueses se podían permitir non facer ese traballo duro e limitarse a pagar a quen llelo fixese, na boca dos galegos este é un refrán de combate, porque quere expresar que os inmigrantes servidores son máis intelixentes cóos nativos servidos.

Quédanos un último refrán:

Cando mexa un portugués, mexan dous ou tres.

Del diremos que é un refrán baleiro de contido e que se limita a aproveita-la rima (*portugués ~ tres*) para crear unha invectiva puramente humorística contra os veciños. De feito, tamén corre en español: *Cuando mea un aragonés, mean dos o tres*; e mesmo existe un paralelo *Picha española nunca mea sola*. Estes refráns foron creados por autor anónimo para encher eses incómodos momentos de silencio (e cumprir así a función fática da linguaxe) nos que dous homes cadran nun urinario ou en calquera outro lugar realizando simultaneamente esa necesaria función orgánica. Non cremos que teña ningunha connotación negativa o feito de que os italianos digan *Dove piscia un cane, ci pisciano due o tre*.

Tralo 25 de abril, milleiros de portugueses intensificaron as súas excursións por Galicia, primeiramente en autocares e recentemente xa en automóbiles particulares. Nas estradas do sur de Pontevedra que conectan directamente coas fronteiras portuguesas nos anos 80 era moi frecuente encontrar bandos de portugueses que montaban a súa farturenta mesa no chan dunha carballeira e era igualmente frecuente

ver portugueses atendendo outras necesidades. En Salvaterra de Miño recollemos este dito en 1985:

O portugués que non mexa á entrada, mexa á saída.

Correu esta observación coma a pólvora durante estes vinte anos adquirindo así condición de paremia e supoñemos que é unha das máis modernas creacións fraseolóxicas do noso tema.

3.7. Resumo do concepto de *portugués* na fraseoloxía galega

A conclusión é que na análise da fraseoloxía galega sobre o concepto de *portugués* pouco máis hai cás habituais desconfianzas entre pobos estremeiros, simbolizadas no caso galego no carácter nocivo do aire que sopra dende Portugal e que sempre trae choiva a un país xa húmido polos constantes ventos que lle entran polo oeste do Atlántico. Obsérvase tamén unha forma de expresión máis barroca e cerimoniosa por parte dos portugueses e unha certa fogosidade afectiva. Esta última característica portuguesa provoca a necesidade de suma cautela que se debe observar (maiormente no caso das mulleres) con quen ten connosco un trato continuado e intenso, pero fugaz: é dicir, o perigo dos amores sen compromiso de continuidade. Dende logo, sería moi útil poder descifrar se o autor dos refráns era home ou muller.

Percíbese a conciencia da desigualdade social (galego inmigrante – portugués nativo), pero non parece crear por parte galega un malestar superlativo: no corpus que demos reunido, certamente pouco extenso, non encontramos nada radicalmente hostil, nada que permita ver cicatrices de vellas feridas, como poden percibirse se nos referimos á emigración a Castela e, en menor medida, a Andalucía. Non procede que ampliémo-la pescuda ó cantigueiro popular pero, se o fixermos, veríamos que Portugal para o galego que fala na fraseoloxía non é unha referencia excesivamente negativa, como adoitan ser-las recíprocas referencias de pobos separados por unha fronteira.

¿É proporcionalmente tan positiva a referencia que o portugués ten do galego? Coidamos que non.

4. A imaxe do *galego* na fraseoloxía portuguesa

Lembramos aquí o xa dito: por *galego* en portugués hai que entender, como é natural, o inmigrante procedente de Galicia, unha inmigración que é constante na historia de Portugal e que, na súa etapa máis recente, aínda agora empeza a ser estudada (Leira 2008). Secundariamente, tal como dixemos en 2.3., en Lisboa e aínda máis ó sur, por *galego* pódese entender o habitante do Norte de Portugal, das rexións do Minho e Trás-os-Montes; e no Brasil pódese referir mesmo a calquera portugués. Con todo iso, coidamos que o material fraseolóxico que imos analizar se refire basicamente ós galegos de Galicia.

4.1. O *galego* traballador

trabalhar como um galego

trabalhar, que nem um galego

Galego é escravo de traballo

Traballar como un galego é locución tan común en portugués coma en español *trabajar como un negro* e é ben posible que en portugués o referente estea tan fosilizado, que xa ninguén, ó usalo, pense realmente nun galego ou nun negro: é dicir, poden ser simples referencias superlativas.

Esta laboriosidade galega parece un elemento claramente positivo atribuído polos lusos ós inmigrantes da outra marxe do río Miño. Pero, como todo o que leva a marca de exceso, úsase para marcar un desvío do que debe ser normal; e a locución ten algo de denigratoria, porque a sinónima é *traballar como un burro de carga*.

Xa mencionamos anteriormente algunhas das profesións “tipicamente galegas” en Portugal. Encontrábanse entre elas: o augadeiro, o mozo de fretes, o canteiro, o albanel, os encargados de transportes e servizos portuarios, algúns mariñeiros e, no caso do traballo rural, traballadores temporais na sega e no sector vinícola.

4.2. O galego pode ser perigoso pola súa fidelidade a quen lle dá traballo

Guarda-te de cão preso e de moço galego

A primeira vista este refrán recomenda estar de pé atrás ante un traballador galego, do mesmo xeito que tamén hai que andar con tino para achegarse a un can preso que, se está preso, é porque traba. Parece unha recomendación dirixida ós amos, patróns ou *empreiteiros* portugueses que teñan asalariados galegos.

Non obstante, a nós parécenos que a advertencia é de signo contrario. Vexamos. O can defende os intereses do amo e a súa identificación co labor de protexelos é tan entusiasta que hai que prendelo para que non ataque os que non son da casa. É dicir, o can non se ata porque sexa perigoso para o seu amo; átese para que non lles faga mal ós que veñan de fóra. A comparanza, neste caso, do *moço galego* –é dicir, do empregado galego– co can, o que parece resaltar é que a identificación do traballador galego cos intereses de quen lle ofreceu traballo é tanta que pode atacar a quen queira defraudalo. Non nos parece que sexa verosímil a interpretación asimétrica de que o can sexa perigoso para “os de fóra” e o *moço galego* sexa perigoso para “os de dentro”, para o seu patrón. O normal nun refrán bimembre é que as realidades se prediquen de maneira simétrica: *cão preso* e *moço galego* deben ser protección para o mesmo (o patrón) e perigosos para o mesmo (o presunto invasor, o de fóra da casa). A advertencia diríxese ós que proxecten atentar contra os intereses dun patrón portugués, que conte cun *moço galego*. Polo tanto, tampouco este refrán parece conter unha valoración negativa do asalariado galego.

En español existe o mesmo refrán *Guárdate de can preso y de mozo gallego* (Martínez Kleiser 1989:293) e, dende logo, esta característica da fidelidade do traballador galego á súa empresa parece confirmarse polo que, en xeral, se dicía dos galegos en países como Suíza, Alemaña ou Francia no cambio de milenio.

Nem cão negro, nem moço galego

Explicado xa o anterior, estoutro refrán parece algo máis transparente: podería ser sinónimo do anterior, pero podería expresa-la natural desconfianza que o amo ten do criado e que o empresario ten do seu empregado.

4.3. O galego, traballador maltratado

tratar alguém como um galego

Esta locución manifesta a excesiva esixencia de produtividade a un traballador por parte do seu patrón. Aínda se poden escoitar na fala en Portugal comparacións do mesmo xeito: *um galego de trabalho*; *Pensas que eu sou algum galego?* como resposta para cando alguén esixe un traballo moi arduo. En calquera caso, esta locución ten algo de autocrítica nacional, posto que aínda que o galego teña evidentes imperfeccións, a opinión común dos veciños do sur non parece negarlle ó galego a vontade de traballar. E tan característica sería, para a fraseoloxía, a laboriosidade do galego coma o abuso do patrón portugués. As comparacións estereotipadas que existen en tódalas linguas teñen unha feitura hiperbólica e nunca poden ser tomadas ó pé da letra pero, atendida esta observación, *tratar [alguem O.D.] como um galego* sería equivalente de *tratalo coma un can*. Outro exemplo deste trato desconsiderado podería se-lo refrán:

Quem faz festas a galego, mais galego é.

A fome e o frio fazem o gado galego

Non temos información de cal é o uso real deste refrán, aínda que supoñemos que aquí *galego* designa un gando pequeno e de moito pelo. Pensamos que se pode referir ás vacas cachenas, moi propias do Xurés, na raia con Portugal, que son probablemente as vacas máis pequenas, pero as de cornos máis grandes de Europa e que teñen un pelo abundante porque se crían ceibas na serra. A súa carne é de moi alta calidade pero o animal morfoloxicamente está lonxe dos parámetros anatómicos do que se entende por bo gando.

Tamén é posible que se refira ó gando importado dende Galicia. Está ben documentada a exportación de gando galego a Portugal en diferentes épocas, sobre todo as 332.127 reses que chegaron nos vintecinco anos que van de 1862 a 1887, en boa parte para unha posterior reexportación a Inglaterra (Carmona 2000:310-315). É sabido que, non habendo daquela medios de transporte para o gando, tiña que desprazarse a pé e, naturalmente, o gando chegaba ó destino nun estado lamentable. Posiblemente este aspecto lastimoso explique a mala impresión asociada nese refrán ó *gado galego*.

4.4. O galego, derradeiro chanzo na escada social

Debaixo de galego, só um burro.

A humildade do traballador galego ten, con todo, aspectos negativos. A súa decisión de fuxir da miseria familiar traballando sen límite onde lle dean traballo convérteo en paradigma do servilismo, da máquina de traballar. E iso, para unha persoa máis meridional e máis gozadora da vida, é redondamente bestial. Por iso di que *Debaixo de galego, só um burro*. O burro traballa sen preguntar nunca e o galego está un poucoño

por riba do burro; pero só un pouquiño. Este refrán implicitamente está suxerindo que a humildade do traballador galego roza xa a indignidade.

Cinquenta galegos não fazem um homem.

Duzentos galegos não fazem um homem.

Duzentos galegos não fazem um homem, senão quando comem.

Ese refrán (que na súa forma extensa forma parte de romances e doutras composicións en verso), si que xa manifesta a baixaza superlativa do galego en Portugal, na concepción do portugués que fala na fraseoloxía portuguesa.

*Duzentos gallegos
Não fazem um homem
Senão quando comem
Meu dinheiro, teu dinheiro (Braga 1846)*

O refrán é moi despectivo e achaca ós galegos a condición de persoas covardes. Cadra co arraigado en Castela: *Gallego, si no lo haces*.

Non é un artigo fraseolóxico o lugar para responder dende Galicia ós estereotipos portugueses sobre os galegos pero, para comprender en qué medida é un estereotipo, e non unha fotografía, cómpre lembrar que o heroísmo, mesmo o heroísmo en grao extremo, é a resposta normal de calquera pobo do mundo que se vexa enfrontado a unha situación extrema; e con frecuencia son os pobos considerados covardes os que máis sorprenden os analistas históricos, ata o punto de que un refrán galego di *Gárdate da ira dos pacíficos*.¹⁴ E precisamente o pobo aldeán galego, aquel que soubera vencer un exército regular de 40.000 soldados franceses, é o mesmo que, acurrulado pola fame e as débedas que o sistema fiscal español lle impoñía, saltou a Portugal na procura individual dun traballo. Deste é do que fala o refrán portugués *Duzentos galegos não fazem um homem*. Non parece, logo, verosímil que esa submisión laboral deba entenderse como pouquidade de ánimo, como covardía. A extrema pobreza de calquera inmigrante de calquera pobo do mundo é a que o forza a ser submisivo, a disimular as ofensas, mesmo as ofensas desapiadadas. O obxectivo del é sobrevivir; e calquera

¹⁴ Dende o suicidio colectivo no Monte Medulio, que narra Orosio (Orosius 6,21,7), ata a forma en que un pobo, desprotexido polo exército nacional, soubo converter de xeito autoxestionario os apeiros de labranza en armas e facer fuxir de Galicia, en nove meses, o poderoso exército de Napoleón, sendo a primeira parte liberada de España e merecendo o eloxio de quen venceu ó corso en Waterloo, o Duque de Wellington, que dende o Cuartel General de Lesaca comentou no 4.9.1813 a heroica valentía do “Cuarto Ejército” composto por galegos: *Guerreros del mundo civilizado: Aprended a serlo de los individuos del Cuarto Ejército que tengo la dicha de mandar. Cada soldado de él merece con más justo motivo el bastón que empuño. Todos somos testigos de un valor desconocido hasta ahora; del terror, la muerte. La arrogancia y serenidad, de todo disponen a su antojo. Dos divisiones fueron testigos de este combate original sin ayudarles en cosa alguna y esto por disposición mía para que se llevaran una gloria que no tiene compañera. Españoles: Dedicados a imitar a los inimitables gallegos, distinguidos sean hasta el fin de los siglos por haber llegado en su denuedo hasta donde nunca nadie llegó. Nación española premia la sangre vertida por tantos cides. Diez y ocho mil enemigos con una numerosa artillería desaparecieron como el humo para que no os ofendieran jamás.*

sacrificio, calquera humillación son necesarios. Pero iso non é covardía, senón estratexia.

Como contrapunto está o feito de que nunca vimos que en Portugal se aplicase a covardía a un galego rico (que os houbo en Portugal), nin que se refira ás entidades que en Galicia posúen inmensas catedrais e suntuosos pazos. Acusar de covardía é provocar a quen sabemos que está en desvantaxe e non se pode defender.

Volvamos ó refrán *Duzentos galegos não fazem um homem*. Se a cousa é coherente co que dos galegos din en Castela (*¡Gallego, si no lo haces!*), tamén o é co que escribiu Camões cando n'Os *Lusíadas* (IV,10,5-8) incluíu uns versos nos que apostrofa os galegos co epíteto de *sórdidos*:

*A vós outros também não tolhe o medo
ó sórdidos Galegos, duro bando
que pera resistirdes, vos armastes
àqueles cujos golpes já provastes.*

Leite de Vasconcellos, coa súa autoridade de máximo etnólogo portugués e aínda coa característica grafía etimolóxica de fins do XIX, certifica a vixencia deste estereotipo en Portugal, precisamente porque é unha idea tan popular como abominable e que expresa desprezo, non odio:

A ideia popular, posto que abominável, de desprêso contra os gallegos acha-se no mesmo cant., est. 11.[refírese ós versos de Camões]. Este desprêso, não ódio, tem raízes muito antigas, como se vê. Ha mesmo uma lenga-lenga, que principia:

Duzentos gallegos / Não fazem um homem.

e um adagio refere-se também ao caracter obediente e humilde d'esse povo nosso irmão, que tantos serviços nos presta no paiz. (Vasconcellos 1883:57)

O *lenga-lenga* ó que se refire Leite de Vasconcellos empeza así:

Duzentos gallegos / Não fazem um homem, / Porque quando comem / Seu dinheiro, meu dinheiro, / Homem trapaceiro / Arriscado anda, / Porque na demanda / Não fez o que rei mandou ; / Já se lhe pagou / A'quelle tonante; / Se elle é estudante, / Alfinete seu amor. / Tenho grande dor / De te ver ausente; / Se tu estás doente, / Meio mundo patarata, / Ai que se arremata / A real fragata! / Anda agora em moda / Quem tem boca vae a Roma ; / Haja bem que se coma, / Não se passa fome, / Quem comer, ó homem, / Regala a sua barriga; / Tenho uma bexiga / Para migalheiro. / ... Recollida no Norte. (Vasconcellos 1911:265-266)

Hoxe na época dos eufemismos, a expresión desta idea sería politicamente incorrecta, por moi inmigrantes que fosen os galegos. Pero un xornal portugués de 1894 daba aínda unha proba manifesta de ata que punto a insignificancia dos galegos non era unha hipérbole de valor retórico, senón algo sentido como real. Nese ano houbo en Lisboa unha folga de panadeiros, contra a norma que acababa de impoñe-lo Goberno de que

tódolos manipuladores de pan tiñan que ter consigo un Documento de Identidade, porque disque había fraude no peso. Polo que parece, a folga facíana os traballadores, pero impulsábana os patróns, beneficiarios da tal fraude. Axiña correu o rumor de que estaban en folga 2000 panadeiros e pensaron en forza-lo ministro a negociar. Non obstante, o ministro mandounos primeiro a face-lo pan. Entón eles, en vez de iren traballar, marcharon para Monsanto e axiña circulou pola cidade o rumor de que alí, en Monsanto, xa se xuntaran 6000 persoas en folga. Nese momento, o Goberno mandou un xeneral comproba-lo alcance real da folga e viu –di o cronista– que eran *mil e tantos grevistas dos quães 287 eram gallegos. Ora, nós, –continua– sempre ouvimos dizer ao povo que duzentos gallegos não valem um homem... e d’este modo verifica-se que o numero ainda era mais pequeno* (Verdades 1894:152). Aínda que poidamos concederlles, como eximente, algunha intención humorística ás palabras do cronista, o seu uso é inequivocamente recto, non metafórico; e vixente nesa altura, non arcaico (Verdades 1894:151-152).

Hoxe as cousas son algo diferentes. Con todo, en 1938 o escritor norteño João de Araújo Correia (1899-1985), médico e escritor da Régua, terra de rampas e socialcos, amigo de Galicia e dos galegos, especialmente de Anxel Fole, na súa obra (*Sem método*) condena este hábito portugués de mal mira-los galegos, o que é unha proba da vixencia do estereotipo:

o tempo em que me criei vinham ainda saibrar ao Douro ranchadas de galegos. Não os distinguia dos cavadores indígenas o meu olhar pouco habituado a ver mundo. Apenas me sabe bem, ainda hoje, o chocolate que traziam de presente a meus pais no regresso da Galiza...[...]

O galego, cá no Douro, foi sempre mal visto dos naturais, como sucede a todo o colono em qualquer parte do mundo... Isto não deve continuar. Façamos penitência, forçando o galego, de mãos nas mãos, a orgulhar-se da sua forte e doce Galiza.

A Régua deve o ser povoada e rica principalmente a galegos. Lá diz a cantiga:

*A Régua era bonita
Se não tivesse dois erros:
Ladrilhada de vareiros,
Passeada de galegos*

4.5. O galego lorpa e o coice galego

A necesidade imponlle ó galego a procura obsesiva do traballo e do diñeiro e iso faino ser submisivo. Pero, como inmigrante que é, non coñece a totalidade das pautas locais de comportamento. Por iso, ós ollos da xente urbana, o galego resulta rudo, falto de formas. Os dicionarios portugueses manteñen no lema *galego* estas acepcións:

Pop. Deprec. Pessoa rude, grosseira = Labrego; (ACL 2001)
pop. Homem grosseiro, incivil. (Figueiredo 1989)

A falta de formas e estilo urbano fai que a maneira de comportarse dun galego lles resulte chocante ós nativos, maiormente ós metropolitanos, e que as súas intervencións fagan rir. É natural que figure en diversos entremeses teatrais como un personaxe aparvado, tosco, inurbano (*o galego lorpa*); os que son do país, os metropolitanos considéranse no dereito de rir e de facer rir á conta del.¹⁵ Unha das máis expresivas descrições deste *galego lorpa*, groseiro, inelegante e por veces descortés, non a ofrece un entremés senón o dicionario decimonónico de João Fernandes que define o xentilicio *galego* do seguinte xeito [conservámo-la ortografía orixinal]:

GALLEGO – segundo certos auctores, o gallego deve ser incluído na classe dos animaes nocivos, e como tal póde ser destruído. - Machina de fazer immundicie e brutalidade, segundo outros. – Pseudonymo de bruto, acrescentam terceiros. – Homem de ganhar. A peor especie não é a que importâmos de Galliza, nem a que faz fretes; é a que se aluga em quanto pobre e que dá coices depois de rica. Entre nós abunda esse producto das sociedades corrompidas e mal educadas. Aos que nos veem de Hespanha caracteriza-os o seguinte facto: Indo uma vez o general Leone de Monsão para o Porto, encontrou um galleguito, de dez ou doze annos, que seguia a mesma direcção. Tendo saído dois dias antes de Tuy, o rapaz perdêra-se no caminho, ia estafado, com os pés feridos e chorando. Compadeceu-se d'elle o general, e, depois de interrogar e saber que vinha para o Porto ganhar a vida, ordenou generosamente que o montassem n'uma das cavalgadas que vinha com as suas bagagens. O joven ganhador, a quem o pae déra, provavelmente, como unica lição o conselho de não fazer nada sem que lhe pagassem, poz a mão na anca do cavallo salvador, e, voltando-se para o general, perguntou-lhe: - Canto me dá bossê? (Fernandes 1878:115-117).

No conto que cerra a peculiar definición anterior parece ecoa-lo tópico antigalego da literatura castelá, *la coz gallega*, ó que xa aludimos en 3.4. O conto que quere sustenta-la definición (*homem de ganhar*) non o di porque o rapaz non chega a subir ó cabalo, senón que pide diñeiro a cambio de permitir que lle fagan o favor de levalo no cabalo; pero o complemento da definición é moi explícito: *A peor especie não é a que importâmos de Galliza, nem a que faz fretes; é a que se aluga em quanto pobre e que dá coices depois de rica.*

4.6. falar espanhol como uma vaca galega

Falar mal o portugués calquera persoa setentrional que non diferencia o be do uve (bilabial de labiodental) crendo, en cambio, que está a falar ben. A locución rexístrase no territorio mirandés.

A propósito da expressão 'falar francês como uma vaca espanhola', com o sentido de "falar mal" e "de calinada", informou-me o senhor Artur Carlos Alves que na sua região, isto é, no concelho de Miranda do Douro, distrito de Bragança, empregam em vez daquela, esta 'falar espanhol como uma vaca

¹⁵ *Gallego Lorpa e os Tolineiros: novo entremez*. Lisboa: Typ. Lacerdina, 1808; A. P. (18--): Conselhos sérios e joviaes dados em quintilhas a hum gallego lorpa, novamente estabelecido n'esta Côrte. Lisboa: Off. Nunesiana.

galega', referindo à pessoa que julga falar bem o português, mas troca as letras, como por exemplo dizer 'baca' e 'voi', em vez de 'vaca' e 'boi'.

Mais me elucida que, embora a terra de Miranda do Douro não tenha fronteira com a Galiza, o mirandês compreende bem o galego, alem de falar o seu dialecto, o português e o espanhol, e para ele o galego é o símbolo da tolice e da asneira, e atribui-se àquela gente, aos galegos, as seguintes quadras que aprendera há tantos e tantos anos: 'Quando vi a mulher morta, / O esquite à porta, / E a testa fria / Logo disse que morria. / Quando vi a vaca esfolada / E a pele estendida na figueira, / Logo dise: meu amor, / a vaca não faz a sementeira'.

O que não pensamos dos Galegos, pensam eles de nós. (Carvalho:I, II, 68-69).

En portugués é máis común dicir que *fala francês como uma vaca espanhola* aquel a quen non se lle entende ben (Maças 1950:232). A locución é calco do que din os franceses: *parler français comme une vache espagnole* para a que hai diferentes explicacións, que poñen o acento na *vache*, na *espagnole* e nun posible *basque espagnole* (Rey 1991:908-909; s.v. *vache*).

Como se ve, a locución que introduce a vaca galega é tamén un calco da francesa, trocando a lingua francesa pola española e a vaca española pola galega. O sorprendente é que isto designe aquelas persoas do Norte (galegas ou non) que, afectadas polo betacismo setentrional, acaban hipercorrixíndose e pronuncian erradamente tanto as bilabiais coma as labiodentais, características do estándar portugués.

4.7. Abundancia de fillos

Pariu a galega! (Diz-se quando se vêem muitas crianças juntas)

http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/22/lusitana22_pag_35.pdf [Data de consulta: 25/02/2009] –

parecer ter parido uma galega– “diz-se quando há muita gente aglomerada num mesmo local” (Nogueira 1988).

Parir a galega. Diz-se quando se junta muita gente movida pela curiosidade ou bisbilhotice. Bº Alent. A frase é “Pariu aqui a galega?” (Simões 1993:498).

A expresión vive e evolúe semanticamente e dela débátese na Internet:

*Em frente ao armazém de mobílias parece que pariu a galega[...]**Diz-se parece que pariu a galega* *quando se chega a algum sítio e se vê imensa gente. Por exemplo: vamos à repartição das finanças pagar o imposto automóvel, no último dia de prazo, e dizemos: “ui, com tanta gente estou que não me escapo tão cedo: parece que pariu aqui a galega”.*

<http://casa-de-cacela.blogspot.com/2008/03/captulo-xlii-lusa-continua-maria-teresa.html> [Data de consulta: 25/02/2009]

[...] pronto, pariu a galega - quando uma coisa não pára de acontecer. Havia uma senhora que morava na Galiza, que pariu nada mais nada menos, que 20 meninos.

http://bangbuspt.blogspot.com/2005_10_01_archive.html [Data de consulta: 25/02/2009]
Porque mais que as mães quer mesmo dizer 'muitas pessoas' ou 'imensa gente' [...] Por isso continuem a dizer são mais que as mães, posso garantir que em vez de parecerem umas bestas, dizer isso vos faz parecer gente de elevado nível intelectual. E para descrever um grupo grande de pessoas, usar a expressão pariu a galega? é demasiado beirão, por isso não fica bem.

<http://achavedoeuromilhoes.blogspot.com/2007/06/gente-idiota-so-mais-que-as-mes.html>
[Data de consulta: 25/02/2009]
Na bomba de gasolina do Intermarche, onde os preços mais baratos dão origem a filas maiores do que no dia em que pariu a galega...

<http://diadecao19.blogspot.com/2009/02/coisas-de-gaija-ao-volante.html> [Data de consulta: 23/02/2009]

A frase debeu de ter algunha vida tamén en Galicia, porque Noriega Varela recolleuna en 1928 na fala dos brañegos lugueses:

¡Seique pareu a gallega!: Suele decirse al ver mucha gente reunida (Noriega 1928:44).

Martínez Seixo tamén a recolle na Cañiza como fórmula: *¡pariu a galega!* – [dise cando se ve moita xente xunta] “¡Pariu a galega!, ¡que cantidade de xente!, seica tendes asemblea familiar” (Martínez Seixo 2000:83). Na Cañiza hai de sempre emigrantes en Portugal.

Ordinariamente, a abundancia de fillos é inversamente proporcional ó nivel económico, aínda que hoxe xa haxa algúns matices. Este estereotipo tradicional é coherente con tódolos anteriores: galego pobre.

4.8. *ver-se galego*

En tempos, parece que circulou a locución *ver-se galego*, como sinónima de *ver-se grego* que significa ‘verse confuso, atrapallado, perturbado, en grandes dificultades’; hoxe é máis común *ver-se grego* e houbo mesmo quen explicou no século XVIII este cambio do *grego* polo *galego* dicindo que había en tempos unha lenda que dicía que *aquela provincia (Entre Douro e Minho) foy habitada muitos anos pelos gregos*.¹⁶ En realidade esa lenda é a tradición constante entre os historiadores ata finais do XIX en que Galicia empeza a interesarse polo seu substrato céltico (Moralejo 2008:53-88). *Ver-se galego* pode aludir ás dificultades económicas, pero tamén ó embarazo de non saber expresarse ben no estándar lingüístico do país; nun país no que é común *ter labia* e no que o galego percibe sempre unha maneira máis barroca de expresarse cá que el usa.¹⁷

¹⁶ Morães Madureyra Feijó (1739:42) citado por Pensado (1985:58).

¹⁷ Do adxectivo galego atopámo-la seguinte explicación do pleno século XVIII: *Sem fundamento algum chamam gallêgos aos mesmos povos transdurienses, e transmontanos por motivo do dialecto. As nações de Hespanha, sujeitas ao Rei Catholico nam guardam regra determinada na pronuncia do B e V, como a todo he notorio. (...) Mas de aqui se infere, que pela mesma indifferença os interamnenses, e transmontanos poden ser arguidos de gallêgos, tambem se devem chamar castelhanos, aragonezes, asturianos, navarros, andaluzes, leonezes, etc.* (Monte Carmelo 1767:422-423, en Pensado 1985:58)

4.9. Resumo do concepto de *galego* na fraseoloxía portuguesa

O galego na fraseoloxía portuguesa ten unha parte positiva (traballador e fiel) pero ten tamén as características negativas que en todas partes se atribúen ós inmigrantes: groseiro, bruto, ineducado, covarde, pouca cousa, cargado de fillos e de problemas. Por veces atribúenselle as características dos animais de carga: os galegos fan esforzos importantes e útiles pero a importancia está na forza e non na intelixencia, no músculo e non no cerebro.

O galego ofrece a imaxe do inmigrante útil e fiable pero que simboliza ó mesmo tempo tódalas contrariedades da vida. Unha figura que globalmente non é apetecible.

5. Conclusións provisionais

A primeira sorpresa que produce este corpus é a súa pequena dimensión, habendo como hai detrás unha longa historia de relación entre galegos e portugueses. En vista do volume cuantitativo da presenza galega en Portugal, esperabamos encontrar máis material fraseolóxico pero as nosas fontes non ofrecen máis, polo menos de momento. Non obstante, esa pobreza de fraseoloxismos podería ser un dato revelador: por parte portuguesa, da escasa consideración que eles lles concederon ós galegos (como xente insignificante); e, por parte galega, de que só a parte máis meridional de Galicia fixo a experiencia portuguesa. Reciprocamente, a presenza de portugueses en Galicia tampouco foi tan significativa como para deixar unha profunda pegada na lingua.

Resumamos nun cadro o dito:

o galego é	positivo	neutro	negativo
	traballador		esfuerzo máis físico ca intelectual
			escravo do traballo
			agoniado polo traballo
	fiel ó amo ata a agresividade		obsesionado con reunir diñeiro
			famélico (gando)
			último da escada social
			covarde
			lorpa, groseiro, bruto
		cargado de fillos	traidor
o portugués é		vento chuvioso	
		Estado pequeno	
	falador de moita labia	namorador apaixonado	amante non fiable que abandona
			esaxerado, bótase de valente
			finchado, presumido
			viño de menor calidade
			traidor
		mexa en grupo	

Por baixo destes estereotipos está a opinión que uns e outros teñen de si mesmos comparados cos veciños. Así, por exemplo, o galego que vive na fraseoloxía sabe da súa inferioridade sociopolítica pero ten conciencia da súa superior intelixencia: *os portugueses teñen a auga e nós vendémoslla*.

5.1. Rivalidades de estremeiros

Galegos e portugueses míranse con ollos diferentes e dáse nisto unha asimetría, que, en certo sentido, xa advertiu Pilar Vázquez Cuesta (Vázquez 1995). Con todo, hai simetría nesa rivalidade con que se desprezan tódolos pobos estremeiros do mundo e que converten en caricatura nacional do veciño os defectos da xente de menor nivel que eles coñecen¹⁸. Os pobos estremeiros esfórzanse por ter unha relación pacífica, pero as fronteiras non deixan de ser vellas cicatrices e as rivalidades latentes poden estar operativas en calquera momento. Son notorias entre franceses e españois, entre franceses e alemáns, entre alemáns e polacos, entre polacos e ucraínos; hai mesmo unha rivalidade triangular polaco-ucraíno-rusa, semellante á que existe entre galegos, portugueses e casteláns. Din uns refráns polacos: *Jak świat światem, nie będzie Niemiec Polakowi bratem* (“Dende que o mundo é mundo, non será o alemán irmán do polaco”); *Z Ruskim gadaj, a w zanadrzu kamień trzymaj* (“Fala co ruso e garda preparada unha pedra”). É coma se, para que xurda simpatía entre os pobos, deba haber distancia xeográfica e non se deba compartir fronteira. A admiración española por Alemaña ou a simpatía galega por Bretaña e Irlanda é semellante á *irmandade* polaco-húngara que manifesta o refrán polaco: *Polak - Węgier dwa bratanki, i do szabli, i do szklanki* e tamén o seu equivalente húngaro: *Lengyel, magyar – két jó barát, együtt harcol, s issza borát* (“O polaco e mailo húngaro son dous irmáns, tanto da espada coma do vaso”) co cal debe entenderse que se apoian mutuamente tanto na batalla como despois celebrando xuntos as vitorias. Cúmprense nisto os refráns galegos de que *Santo do pé da porta non fai milagres* e o outro que di *Santo de lonxe é máis milagreiro*.

5.2. Galego inmigrante, *português patrão*

O galego, cá no Douro, foi sempre mal visto dos naturais, como sucede a todo o colono em qualquer parte do mundo... Estas palabras de João de Araújo Correia, que xa citamos en 4.4., parécennos certas, porque na súa globalidade tocan unha das raíces de tódolos estereotipos negativos. Estes poden nacer da rivalidade propia de toda veciñanza, pero críanse e desenvólvense nas relacións de poder entre os estremeiros: a correlación de forzas económicas perfila os estereotipos nacionais e tamén as excepcións persoais a eses mesmos estereotipos en función da fortuna persoal do individuo de quen se fale: a mesma prevención e desprezo que suscitan os negros ou os árabes pobres pode converterse para o mesmo nativo en respecto e admiración ante un negro ou un árabe millonario ou triunfador.

Hai neste punto un segundo aspecto, non menos universal. Na caricaturización negativa do inmigrante, moitas veces, agáchase un intento de borra-la propia memoria que, examinada a fondo, impediría afirmarse como de familia nativa de sempre. A emigración galega a Portugal foi tan intensa e constante que moitos portugueses de hoxe dificilmente poderían demostrar que non levan algo de sangue galego e en tódolos

¹⁸ Xa no século XVIII o P. Feijoo reflexionaba sobre o desprezo que os franceses tiñan polos alemáns, os españois polos franceses (ós que xulgaban *por la gente inferior que viene de Francia a España*) e os casteláns polos galegos que ían á sega falando unha lingua que eles non entendían (Casas 2008:98-99).

procesos de colonización os descendentes dos primeiros en chegar acaban marcando diferenzas esaxeradas cos que chegan de últimos. É un fenómeno da psicoloxía social ben coñecido: marcamos distancias porque queremos borra-la memoria da parte negativa que nos pode afectar; e o cine norteamericano ten contado historias deste tipo. Que isto non é unha suposición no caso portugués, compróbase no feito de que nalgúns dos numerosos lugares de Portugal que levan no seu topónimo o elemento *Galego* ou *Galega* déronse intentos de borrar esa orixe e, así, *Aldeia Galega* culminou en 1930 a súa transformación oficial en *Montijo*; pero hai máis *aldeas que no quisieron ser gallegas* (Pensado 1991:287-289). Noutras palabras, para dicilo cun fraseoloxismo, *Non hai pior cuña cá do mesmo pau*.

5.3. Nivelación Galicia – Portugal e crise dos estereotipos

Hoxe as cousas van de modo diferente. Profundas alteracións modificaron a correlación de forzas entre galegos e portugueses. Portugal cedeu o seu imperio colonial e deixou de se-la meta máis doada para un galego a quen a miseria lanzaba á emigración. Por outra banda, aínda tendo Galicia unha economía que nalgúns aspectos é precaria, o nivel de vida comparado ó de Portugal xa non é tan claramente desfavorable: resulta significativo que a Portugal vaian médicos galegos e a Galicia veñan albaneis portugueses. Xa non temos acotío diante dos ollos a presenza do criado ou empregado galego e do amo ou *patrão* portugués. Ese esquema está roto na actual conxuntura económica e política.

Galicia ten hoxe unha autonomía política e mesmo forma parte co Norte de Portugal dunha Eurorrexión. Aínda que a entidade política de Galicia é de rango inferior á do Estado Portugués, os contactos hoxe prodúcense entre (case) iguais e nun nivel institucional: existe dende 1991 unha *Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal*¹⁹ con 51.000 km² e 6,4 millóns de habitantes e, dende 1992, existe tamén unha Asociación Internacional dos máis importantes concellos desa zona, o *Eixo Atlántico*.

As minorías intelectuais viñan facendo durante todo o século XX un camiño de recíproca aproximación baseada no respecto pola diferenza e no interese polas semellanzas: temos que lembrar nomes ilustres coma Leite de Vasconcellos e Carolina Micaelis, pero tamén Teóphilo Braga, Teixeira de Pascoães, Rodrigues Lapa e, en tempos máis recentes xa, moitos outros coma Araujo Correia, Hugo Rocha, Viale Moutinho, Assis Pacheco, Lobo Antunes, João Aguiar ou Firmino Mendes e Bento da Cruz entre moitos outros. Por parte galega tiveron xeiras de intensa relación con Portugal a Real Academia Galega e os intelectuais aglutinados arredor da Editorial Galaxia. Dende hai uns anos, xa son frecuentes as actividades comúns mesmo entre os Centros escolares galegos e portugueses próximos á raia.

E así como as elites intelectuais se van coñecendo e apreciando, as empresariais tamén van tecendo unha rede de intereses transfronteirizos que xeran un novo espazo

¹⁹ Constituíuse o 31.10.1991 dentro do Convenio Marco Europeo de 1980 sobre Cooperación Trasfronteiriça entre Comunidades e Autoridades Territoriais do Consello de Europa, con apoio das Administracións da Unión Europea, española e portuguesa.

económico que, en certa medida, volve facer visible o territorio do antigo Reino de Galicia.

O pobo común tamén intensifica a súa relación: a secular relación de patróns portugueses e asalariados galegos está dando lugar a un fluxo de turismo recíproco, de xeito que no ano 2005 visitaron Galicia máis de 250.000 portugueses e Galicia é para Portugal unha das fontes turísticas porcentualmente máis importantes.

Mudando as relacións, muda paseniñamente a percepción que galegos e portugueses teñen uns dos outros, mudan os estereotipos e empezan a oírse sintagmas que parecen embrións de fraseoloxismos novos, como *conducir á portuguesa, país das toallas, país do bacallau*; e para moitos portugueses Galicia é a *Galiza do El Corte Inglés*; hai mesmo algún síntoma de que se poden estar invertendo as actitudes que evocan relacións de poder.²⁰

Non obstante, por moi relativizada que estea hoxe a fronteira, seguimos sendo veciños, seguimos sendo O Outro e a desconfianza xera sempre novas formas de rivalidade. Pero di un refrán polaco *Kto się czubi, ten się lubi* ('Os que pelexan, quérense'). Se ha de ser certa esta afirmación, non só existiría moito escarnio e maldicir nas relacións galego-portuguesas, senón que deberían de estar escondidos atrás o amor e a amizade.

5.4. Obsolescencia do que aínda conserva a fraseoloxía

A conciencia da igualdade de dereitos para tódolos seres humanos avanzou nos últimos cincuenta anos sinuosa, pero substancialmente. Aínda que no fondo contradictorio do corazón humano sigan vivas as paixóns primitivas, hoxe estamos instalándonos todos nun respecto polo outro que lentamente vai facendo ver politicamente incorrectas moitas das formulacións do fondo fraseolóxico que son denigrantes para a muller, os veciños, os inmigrantes, os homosexuais e tódalas minorías. Na medida en que ese varrido corresponda efectivamente a un maior respecto polo diferente, representa un avance; na medida en que se limita a conte-la expresión dentro do politicamente correcto, ese borrado da memoria fraseolóxica sería un puro eufemismo, un ter medo a chamarlles ás cousas polo seu nome.

²⁰ Caída a fronteira e aproximados os respectivos niveis de vida, Portugal converteuse para moitos galegos, nos últimos vinte anos, nun lugar a onde ir pasear como señores nas fins de semana e adquirir algunhas cousas de calidade a bo prezo. Con certa vergoña, temos observado algunha vez o portugués servicial e o galego soberbio, inversión da psicoloxía social que neste artigo vimos emerxer da fraseoloxía; hoxe de cando en vez vense galegos e galegas pasear polas feiras do Norte de Portugal (Valença do Minho, Vilanova da Cerveira, Caminha, Monção, Chaves ou polas tendas de Viana do Castelo) cun aire de señorío que resulta novidoso historicamente e que non é usual en Galicia e que, por esa razón, ten algo de repugnante. Mesmo é posible que a desconsideración que algúns novos ricos galegos teñen da lingua galega a proxecten no seu falar galego precisamente cos portugueses. Isto achega esta minoría de galegos a un dos trazos tópicos (¡tamén tópicos!) da psicoloxía castelá, a arrogancia. E, se cadra por iso, o portugués xa non dá identificado Galicia como unha parcela de España ben definida e máis próxima a el, senón simplemente como España, sen matices. Posiblemente moitos portugueses xa non chegan a percibir en Galicia nada común consigo senón pura e simplemente España, e por iso confesan que lles agrada comprobar, cando nos oen fala-lo galego, que *eles percebem muito bem o espanhol*.

En calquera caso, boa parte dos fraseoloxismos que levamos comentado son xa, tanto no caso galego coma seguramente no caso portugués, cousa dos nosos avós, con certo sabor arcaico e obsolecente. Máis aínda, en Lisboa case todos son xa inusuais entre xente de mediana idade (a excepción de *traballar como um galego*) e os nosos informantes dinnos que lembran telos oído, pero que todo o demais quizais se diga no Norte que está máis próximo á fronteira e só no Norte.²¹ Por outra banda, a motivación doutros como *pari-la galega* hai moito tempo que deixou de ser visible e isto axudou a que desaparecese do uso, substituído, polo menos en Lisboa, por (*ser*) *mais que as mães*.

Alterada a correlación de forzas, altérase a psicoloxía social destes dous pobos en relación permanente. Todo isto está dando lugar a estereotipos novos que, aínda que fundados na observación de comportamentos individuais, acabarán condensándose en unidades fraseolóxicas novas no momento en que as dúas sociedades perciban que un tipo de comportamento se repite e define o correspondente colectivo veciño. Pero eses estereotipos emerxentes só se poden investigar cunha metodoloxía diferente á seguida neste traballo; gustaríanos poder afrontala nun futuro inmediato cun traballo de campo sobre relacións directas e en vivo entre galegos e portugueses. Cunha metodoloxía máis sociolingüística e de psicoloxía social, poderíamos establecer qué permanece e qué desapareceu de canto os séculos pasados foron acumulando no tesouro fraseolóxico portugués e no tesouro fraseolóxico galego. Este novo traballo evitará dar como moeda de curso legal a que xa está fóra de circulación.

6. Referencias bibliográficas

- ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*. Lisboa: Ed. Verbo.
- ALONSO MONTERO, Xesús (1974): *Galicia vista por los no gallegos*. Madrid: Ed. Júcar.
- BARTMIŃSKI, Jerzy (2007): *Stereotypy mieszkają w języku. Studia etnolingwistyczne*. Lublin: Ed. UMCS.
- BRAGA, Teófilo (1867): *Romanceiro Geral Colligido da Tradição*. Coimbra: Imprensa da Universidade.
- (1982): *Romanceiro Geral Português*. 3 vol. Lisboa: Vega. Edición facsimilar.
- CARAMÉS MARTÍNEZ, Xesús (1993): *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. Vigo: Galaxia.
- CARMONA BADÍA, Xan (2000): “Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega: as exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX”, en LOURENZO FERNÁNDEZ, Prieto (dir.): *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 305-352.

²¹ Que Galicia é algo máis vivo no Norte de Portugal é evidencia que non precisa argumentación e ten múltiples constatacións (Silva 1999).

- CARVALHO COSTA, A. de (1981-1982): *Gente de Portugal. Sua linguagem-seus costumes*. Volume I, tomos I e II, Portalegre: Assembleia Distrital de Portalegre.
- CASAS RIGALL, Juan (2008): “A defensa da cultura galega na Ilustración Apologética (1729) do Padre Feijoo, cunha nota sobre Sarmiento”, en CORRAL DÍAZ, Esther e outros (2008): *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luis Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 95-102.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns*. Vigo: Galaxia.
- CORREAS, Gonzalo (1992): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Madrid: Visor Libros.
- COSTA, J. ALMEIDA; MELO, A. SAMPAIO E (1993): *Dicionário da Língua Portuguesa*. 6ª edição. Porto: Porto Editora.
- EIRAS ROEL, Antonio; GONZÁLEZ LOPO, Domingo (coord.) (2002): *Movilidad interna y migraciones intraeuropeas en la Península Ibérica / Mobilidade interna e migrações intraeuropeias na Península Ibérica. Actas del Coloquio Europe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 8-9 noviembre de 2001.
- FERNANDES, João (1878): *Diccionario de João Fernandes. Lições de lingua portugueza pelos processos novos ao alcance de todas as classes de Portugal e Brazil*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Instituto da Língua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FERREIRA, Aurélio BUARQUE DE HOLANDA (1986): *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*. 2ª edição. Rio de Janeiro: Ed. Nova Fronteira.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): “Sarmiento no espello escachado das súas cartas”, en *Encrucillada* 94,1995,331-362.
- FIGUEIREDO, Cândido de (1989): *Pequeno Dicionário da Língua Portuguesa*. Dicionários Bertrand. Lisboa: Bertrand Editora.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1973): “A emigración galega e outros temas nun viaxeiro inglés do século XVIII”, en *Grial* 39,1973,74-81.
- HERNÁNDEZ SANS, Pilar (1995): “A emigração galega para Portugal”, en *Galicia ó lonxe*. Lisboa: Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa. 4, xuño 1995,14-15.
- HERRERO CECILIA, Juan (2006): “La teoría del estereotipo aplicada a un campo de la fraseología: las locuciones expresivas francesas y españolas”, en *Espéculo. Revista electrónica de estudios literarios de la Universidad Complutense* 32,2006. <http://www.ucm.es/info/especulo/numero32/teoreste.html/> [Data de consulta: 25/02/2009]
- HERRERO GARCÍA, Miguel (1966): *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Madrid: Gredos.
- HOUAISS, Antônio (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Ed. Objetiva.

- LAMAS CARVAJAL, Valentín ([1884] 1998): *Poesía galega. Edición crítica e Introducción de Maria Pilar García Negro*. Sada: O Castro.
- (1884a): “Os microbios”, en *O Tío Marcos da Portela*. 2ª época. Parrafeo 36; 20.7.1884; 2.
- (1885): “Casos e cousas”, n’*O Tío Marcos da Portela*. 2ª época. Parrafeo 60; 4.1.1885; 7.
- LEIRA, Xan (2008): *Historias dunha emigración difusa. Sobre a emigración galega a Lisboa*. Lisboa: Aquarela Comunicación sll. Xuventude de Galicia de Lisboa, Secretaría Xeral de Emigración e a Secretaría Xeral de Comunicación de Xunta de Galicia.
- MACHADO PAIS, José (1985): “‘De Espanha nem bom vento nem bom casamento’: sobre o enigma sociolóxico de um provérbio português”, en *Análise Social XXI* 86, 1985-2º, 229-243.
- MAÇAS, Delmira (1950): *Os animais na linguagem portuguesa*. Lisboa: Centro de Estudos Filolóxicos.
- MARQUES DA COSTA, José Ricardo (1999): *O livro dos provérbios portugueses*. Lisboa: Ed. Presença.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1989): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Ed. Hernando (edición facsímil).
- MARTÍNEZ SEIXO, R. A. (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- MONTAÑA, María (1999): *A tradición oral en Galicia (segunda entrega). Os refráns na fala popular galega, (selección e comentarios)*. Santiago de Compostela: Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos.
- MONTE CARMELO, L. (1767): “Compendio de Orthografías”, en PENSADO, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega – centenario 1885-1985 (serie Nova).
- MORAES MADUREYRA FEIJÓ DE, J. (1739): “Orthographia ou Arte de Escrever”, en PENSADO, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega – centenario 1885-1985 (serie Nova).
- MORALEJO, Juan J. (2008): *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NOGUEIRA SANTOS, A. (1988): *Novo dicionário de expressões idiomáticas*. Lisboa: Ed. Sá da Costa.
- NORIEGA VARELA, A. (1928): *Como falan os brañegos*. A Cruña: Ed. Nós.
- OROSIUS, P.: *Pauli Orosii historiae adversum paganos*.
- PENSADO, José Luis (1973): “Informe original del conde de Campomanes sobre la emigración a Portugal de los habitantes de Galicia y el papel que el marqués de Croix escribió en diciembre de 1764 con dicho motivo”, en “Emigración e promoción económica de Galicia no século XVIII”, en *Grial* 42, 1973, 422-429.

- (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega – centenario 1885-1985 (serie Nova).
- (1991): *Galicia en su lengua y sus gentes (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega – centenario 1885-1985 (serie Nova).
- REY, A.; CHANTREAU, S. (1991): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Paris: Robert.
- RIBERA LLOPIS, Juan; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (1999): “A imaxe e o concepto de ‘galego’ nas literaturas galega, castelá e catalana da fin do século XIX”, en *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Tréveris, 8-11 outubro de 1997*. Sada: Ediciós do Castro, 73-83.
- SANTAMARINA, Antón (2003): *Diccionario de Diccionarios 3.0*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SECO, M.; ANDRÉS, O.; RAMOS, G. (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar lexicografía.
- SILVA CORREIA DE MIRANDA MEREIS, Maria da Conceição da (1999): “A proxección de Galiza em Portugal: a historia, a cultura, a sociedade e a economía. Da separação á unión”, en *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Tréveris, 8-11 outubro de 1997*. Sada: Ediciós do Castro, 101-109.
- SIMÕES, G. A. (1993): *Dicionário de expressões populares*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- ŚWIERCZYŃSKA, Dobrosława (1996): *Narody w przysłowiaach*. Warszawa: Wiedza i Życie. arquivum www.wiz.pl [Data de consulta: 25/02/2009]
- SZTUBA, Anna (2007): “Los autorretratos y retratos lingüísticos en el refranero polaco. El hábito hace al monje. Habit czyni mnicha”, en CONDE TARRÍO, Germán (dir.): *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Fernelmont: Sciences de langage. Proximités, E. M. E., 251-263.
- TERTÚLIA EDÍPICA (s.d): *Dicionário de sinónimos*. Porto: Porto Editora.
- VASCONCELLOS, José LEITE DE (1883): “Os Lusíadas de Camões e as tradições populares portuguesas” en *Anuario para o estudo das tradições populares portuguesas* 1,1883,57.
- (1911): “Poesias populares”, en *Revista Lusitana* 14, 1911,265-266.
- VÁZQUEZ CUESTA, Pilar (1995): “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: um diálogo asimétrico”, en *Revista Colóquio/Letras* 137-138, 1995, 5-21.
- VERDADES, João (1894): “Revista Política”, en *Occidente* 17,558, 21.6.1894; 151-152.
- WALAS, Teresa (ed.) (1995): *Stereotypes and Nations*. Kraków: International Cultural Centre.
- YAGO, T. R. (2000): “‘O que din os libros portugueses sobre os galegos’: de D.Luciano Vázquez Seselle ao prof. Rodrigues Lapa”, en *Revista de Neda* 3,2000,121-126.

Referencias electrónicas:

<http://www.rae.es/> [Data de consulta: 25/02/2009]

<http://www.priberam.pt/dlpo/> [Data de consulta: 25/02/2009]

<http://www4.usc.es/TILG/index.asp/> [Data de consulta: 25/02/2009]

